



Instrución: 17/2007	Data: 09/07/07
----------------------------	-----------------------

Asunto: Acceso a probas diagnósticas por Atención Primaria.

Orixe: Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde.

Ámbito: Servizo Galego de Saúde.

O posicionamento estratéxico da Consellería de Sanidade para o período 2005-2009, plasmado no documento de Directrices da Política Sanitaria de Galicia, na estratexia de mellorar a continuidade asistencial entre a Atención Primaria e a Atención Especializada garantindo unha atención integral da saúde, plantéase:

- Elevar a capacidade de resolución en atención primaria.
- Mellorar a sistemática de derivacións á especializada.
- Establecer os criterios de derivación e seguimento de pacientes dende especializada a primaria.

O Plan de Obxectivos Estratéxicos pretende traducir en accións concretas esta estratexia, e establece como obxectivos o incremento do acceso a probas diagnósticas aos facultativos de Atención Primaria e a colaboración entre niveis asistenciais.

O Plan de mellora da atención primaria de Galicia 2007-2011, aprobado polo Servizo Galego de Saúde conxuntamente coas principais asociacións científicas e as organizacións sindicais, recolle entre os seus obxectivos mellorar a capacidade resolutiva e a accesibilidade aos medios diagnósticos.

A capacidade de resolución como aumento da efectividade é un elemento inherente á organización sanitaria, moi especialmente no ámbito da atención

INSTRUCCIÓN 17/07



primaria, encargada de resolver non menos do 85% dos problemas de saúde da poboación.

De acordo con estas directrices e plans, establécese o catálogo de probas que deberán estar dispoñibles no Servizo Galego de Saúde para o conxunto de profesionais da Atención Primaria de Saúde.

INSTRUCCIÓN

Primeira.

O conxunto de probas que deberán estar dispoñibles detállanse no anexo I, diferenciadas en dous grupos:

- Listaxe A: este conxunto de probas deberá ser de libre acceso.
- Listaxe B: a accesibilidade ás probas contidas precisa a redacción dun protocolo de derivación para cada unha delas aprobado polo Servizo Galego de Saúde.

Segunda.

O conxunto de probas da listaxe A deberá ser de libre acceso a partir do **15 de setembro de 2007**.

Terceira.

As probas contidas na listaxe B estarán accesibles a partir de xaneiro de 2008.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2007

O SECRETARIO XERAL DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE



Asdo. Cayetano Rodríguez Escudero.



ANEXO I	
Listaxe A	Listaxe B
Hematoloxía	Grupo e Rh
Análise clínica e bioquímica	Test do alento
Inmunoloxía	Mamografía
Microbioloxía	Lavativa opaca
Cariotipo (só para pediatras).	Urografía
Test da suor (só para pediatras)	CUMS (cistourografía miccional seriada, só para pediatras)
Anatomía patolóxica	Ecografía cardíaca
Ortopantografía (só para odontólogos)	Ecografía de mama
Radioloxía simple (tórax, abdome, ósea)	Ecografía de cadeiras (só para pediatras)
Ecografía: acceso libre, agás para: - cardíaca: con protocolo - mama: con protocolo - cadeiras: accesible só para pediatras e con protocolo	TAC cranial
	TAC abdominal
	TAC lumbar
	TAC torácico
	RMN columna
	RMN xeonllo
	Endoscopia dixestiva alta
	Colonoscopia e rectosigmoidoscopia
	EEG
	EMG
	Densitometría
	Ergometría
	Eco-doppler

INSTRUCCIÓN 17/07